

SEMANA LETRAS GALEGAS 2021


Todos os cursos das dúas etapas Infantil e Primaria, durante a semana do 10 ao 14 de maio, traballaron a celebración das Letras Galegas, en especial a biografía e obra da autora homenaxeada este ano, XELA ARIAS.

Nos seguintes enlaces atopamos unha mostra das actividades realizadas

<https://www.facebook.com/watch/?v=304846044538745>

<https://youtu.be/3Qz6qhspmoM>

6º E. Primaria: confeccionou un libro en formato viñeta, centrado na biografía de Xela Arias. A narración da biografía foi a cargo das mulleres anteriormente homenaxeadas (Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido, María Mariño, María Vitoria Moreno Márquez), que a modo de presentación relataron o máis destacado da vida desta escritora, poeta e tradutora, dando especial importancia á súa etapa en Vigo e o seu paso polo IES Castelao.



5º E. Primaria: presentou a obra de Xela Arias, coa escenificación dunha rolda de prensa. Unha alumna caracterizada como a escritora, falou dos seus libros máis destacados, atendendo ás preguntas que os seus compañeiros a modo de xornalistas foron facendo. O seu traballo fixérono en formato vídeo.


<https://youtu.be/3Qz6qhspmoM>



3º e 4º E. Primaria (A nosa Cultura): Elaboraron unha banda deseñada, co tema “a celebración dos maios en Galicia”, dividida en dúas partes:

Unha centrada na historia dos Maios. (3º E.P.)

E outra na estrutura, decoración e cantigas dos Maios. (4º E.P.)



1º e 2º E. Primaria (A Nosa Cultura): elaboraron un mural titulado “Allende Os Mares”, dedicado aos homenaxeados masculinos dende o inicio das letras galegas, e tendo como fondo o mar e a pesca, fundamentais na nosa cultura.

O alumnado dos dous cursos coloreou o mural, que constaba dunha barca co nome de Xela Arias (xa que se adoitan bautizar con nomes de muller), desta forma estivo presente a homenaxeada na actividade, e unha rede de pesca, na que se enredaron peixes cos nomes dos homenaxeados masculinos ata a actualidade, feitos polos alumn@s.



E. Infantil (A nosa Cultura): o alumnado de infantil, decorou un maio cos elementos típicos.



Actividade común para todo o alumnado do centro: decoración dun marcapáxinas coa figura de Xela Arias, que levaron a casa o día 14 de maio.

